

BASES DO SORTEO O GROVE AZUL, XORNADAS
GASTRONOMICAS DO PEIXE AZUL
(do 15-31 DE MARZO DE 2026)
ASOCIACION DE EMPRESARIOS GROVENSES DE BENS E SERVICIOS
//EMGROBES//

1. A Asociación de Empresarios de Bens e Servicios //EMGROBES// realizará, durante as xornadas gastronómicas do PEIXE AZUL no Grove, o sorteo **de un vale de 50 € para consumir en Afuego tappería, outro de 60 € para consumir en Furtivos, unha entrada dobre para San Xoan con cea e concerto no Náutico de San Vicente, dúas sesión dobles de talaso no Hotel Eurostars Louxo e no Eurostars Illa da Toxa..** Repartiranse tarxetas a modo de “pasaporte” nos establecementos participantes para os clientes que proben alguna das degustacións de peixe azul durante as xornadas, por cada degustación o establecemento selará unha vez a tarxeta. Cando o cliente reúna tres selos poderá deixar a tarxeta selada en calquera dos participantes e cubrirá os datos da mesma: NOME E TELÉFONO DE CONTACTO. Cantas máis tarxetas con tres selos consigan, máis posibilidades de gañar un dos premios. Cada persoa soamente poderá acceder a un dos premios.
2. As Xornadas realizaranse do 15-31 de maio, ambos incluídos e durante esos días repartiranse as tarxetas entre os clientes que consuman algún plato de peixe azul nos establecementos participantes. As tarxetas seladas poderán entregarse aos establecementos participantes ate o día 31 de maio incluído.
3. A asociación Emgrobes recollerá a partir do día 1 de xuño as tarxetas seladas nos establecementos participantes nas xornadas para realizar o sorteo dos agasallos na sede de Emgrobes o mércores 4 de xuño. Sacaranse as tarxetas seladas con tres selos, unha para cada premio, e dúas máis de reserva para o caso de que algún dos premiados non sexa localizado no prazo de tres días para recoller o seu premio.
4. Para participar no sorteo, será necesario consumir algunha das degustacións en calquera dos 12 restaurantes participantes e que o establecemento lle estampe un selo ou o nome e data do restaurantes no caso de que non contén con selo.
5. Están excluídos de participar, os titulares dos negocios e os seus empregados, con tarxetas seladas do establecementos ó que pertencen. Ao participar o concursante autoriza a publicación dos seus datos nos medios de comunicación no suposto de resultar premiado.
6. O sorteo realizarase o día 4 de xuño na sede de Emgrobes en Luis Casais, 1, 1 . Todas as tarxetas recollidas e correctamente seladas introduciranse nunha urna grande e unha persoa sacará as tarxetas premiadas. Emgrobes porase en contacto coas persoas premiadas para comunicarlle o premio e acordar cómo recollelo. A



información dos premiados tamén será publicada en redes sociais de Emgrobes, en medios de comunicación e será notificado aos establecementos participantes.

7. Ó sorteo poderá asistir calquera persoa asociada e, especialmente os titulares dos establecementos participantes.
8. Os premios poderán ser utilizados unha vez recollidos e cunha caducidade establecida polos establecementos.
9. Para participar neste sorteo é imprescindible coñecer as bases e aceptalas de acordo con todos os termos establecidos nas mesmas. A participación no sorteo supón a aceptación expresa destas bases. As bases estarán depositadas en Emgrobes, serán publicadas na web da asociación e se entregarán aos establecementos participantes. É condición indispensable para beneficiarse deste sorteo, cumprir os requisitos esixidos para a mesma, participando en **el** de boa fe, excluíndose deste sorteo calquera persoa/s que a súa intención sexa, non só beneficiarse da mesma, se non perxudicar ou danar con elo en calquer modo a **EMGROBES**.